

DECLARACIÓN DE DESERTO DO ACORDO MARCO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, POLO PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SUBMINISTRO DE PENSO CON DESTINO Á ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS BOVINOS PARA A EMPRESA XENÉTICA FONTAO, S.A.

A mesa de contratación na súa sesión do 30 de setembro de 2015, á vista da valoración técnica da documentación correspondente ao sobre B das dúas empresas licitadoras, propuxo a exclusión das dúas empresas concorrentes por incumprir o prego de prescricións técnicas.

Ambas as dúas ofertas incumpren o prego de prescricións técnicas polos seguintes motivos:

1.- PROPOSTA PRESENTADA POR COREN AGROINDUSTRIAL S.A.U.:

- Non presenta datos explícitos da porcentaxe de amidón e de calcio.
- A % de fibra bruta no penso *TOUROS CRECEMENTO* ofertado é do 7,8 %, inferior ao requirido nas especificacións técnicas (8,0 %)
- O nº de unidades internacionais por quilogramo (UI/qg) de Vitamina E no penso *TOUROS ELITE* é de 126,3 UI/qg., inferior ao requirido nas especificacións técnicas (231,25 UI/qg).
- O nº de mg/qg de Zinc (Quelato aminoácidos hidratado) no penso *TOUROS ELITE* é de 14,0 mg/qg, inferior ao requirido nas especificacións técnicas (105 mg/qg).
- O nº de mg/qg de Selenio (Selenito de sodio) no penso *TOUROS ÚNICO*, *TOUROS CRECEMENTO* e *TOUROS ARRANQUE* é de 0,3 mg/qg, inferior ao requirido nas especificacións técnicas (0,6 mg/qg)
- Non se fai ningunha referencia á granulometría de cada un dos pensos.

2.- PROPOSTA PRESENTADA POR PIENSOS NANFOR S.A.:

- O nº de unidades internacionais por quilogramo (UI/qg) de Vitamina A nos pensos *TOUROS ÚNICO*, *TOUROS CRECEMENTO*, *TOUROS ARRANQUE* e *TOUROS ELITE* é de 9.999 UI/qg, inferior ao requirido nas especificacións técnicas (18.750 UI/qg para *TOUROS ELITE* e 15.000 UI/qg nos restantes tipos de penso).
- O nº de unidades internacionais por quilogramo (UI/qg) de Vitamina D3 nos pensos *TOUROS ÚNICO*, *TOUROS CRECEMENTO*, *TOUROS ARRANQUE* e *TOUROS ELITE* é de 2.001 UI/qg, inferior ao requirido nas especificacións técnicas (3.750 UI/qg para *TOUROS ELITE* e 3.000 UI/qg nos restantes).
- Non se aporta ningunha información do contido de urea nin de estabilizadores da flora intestinal.
- Non se fai ningunha referencia á granulometría de cada un dos pensos

Tal e como ten explicitado o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais na súa Resolución 428/2015:

“(…) El mandato del artículo 145.1 del TRLCSP es claro y terminante: las proposiciones de los licitadores se han de ajustar total e incondicionalmente al contenido de los Pliegos. Lo contrario no entraña, como sostiene la recurrente, que tengan que tenerse por no puestas las condiciones que, con incumplimiento



del artículo 145.1, hayan decidido incluir los licitadores en sus ofertas (pues ello sería tanto como dispensarles del cumplimiento de un precepto legal), sino su exclusión de la licitación”.

Vista a proposta da Mesa de contratación, na súa sesión do 30 de setembro de 2015,

O Consello de Administración, **ACORDA:**

Declarar como deserto o procedemento relativo ao ACORDO MARCO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, POLO PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO SUBMINISTRO DE PENSO CON DESTINO Á ALIMENTACIÓN DOS SEMENTAIS BOVINOS PARA A EMPRESA XENÉTICA FONTAO, S.A.

Contra este acordo e o tratarse dun procedemento suxeito a regulación harmonizada, poderase interpoñer, con carácter potestativo, o recurso especial en materia de contratación regulado no artigo 40 e seguintes do TRLCSP, podendo ser obxecto do citado recurso, os actos aos que se refire o apartado 2 do dito artigo. De non interpoñerse este, contra os actos mencionados, poderán impugnarse directamente na xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo de interposición do recurso especial será de 15 días hábiles, contados, a partir do seguinte, a recepción da presente resolución e deberá anunciarse previamente mediante escrito especificando o acto do procedemento que vaia ser obxecto do mesmo, presentando ante o órgano de contratación no prazo previsto para a interposición do recurso.

A presentación do escrito de interposición do recurso especial efectuarase no Rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolvelo.

A este respecto a Comunidade Autónoma de Galicia asinou un Convenio coa Administración Xeral do Estado (publicado no BOE do 25/11/2013, en vigor desde esa data) polo que, de acordo co artigo 41.3 do TRLCSP será competente para a resolución deste recurso o Tribunal Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC), situado na Avda. General Perón, 38; 28020 Madrid (<http://tribunalcontratos.gob.es>). Contra a resolución do recurso especial procederá a interposición do recurso contencioso-administrativo.

Asinado electrónicamente por Patricia Ulloa Alonso, presidenta do Consello de Administración

